


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola PF1

Xénero *Pinus spp.*

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Xénero *Pinus spp.*

MODELO SILVÍCOLA PF1

Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Marco e densidade da plantación inicial:** variable en función das especies empregadas na plantación. A densidade recomendada é de 1.000-1.500 pés/ha.
- En sementeiras ou rexeneración natural: > 3.000 plantas/ha.
- Recoméndase o emprego de planta micorrizada con especies de fungos que aseguren unha boa implantación da especie forestal.

3 MANTEMENTOS

- Unha roza mecanizada ou manual durante os primeiros anos.
- Recomendable o mantemento da vexetación mediante pastoreo.



MODELO SILVÍCOLA PF1

ESPECIE: Xénero *Pinus spp.*

OBXECTIVO: produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais



Máis información do modelo

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** unha poda de ata 2,5-3 m cando o diámetro sexa duns 10 cm. Recoméndase a realización dunha poda alta nos pés que vaian chegar á corta final.
- **Desmestas:** no caso de rexeneración natural realizarase unha rarea nos primeiros anos para acadar unha densidade entre 1.000 e 1.500 pés/ha.
- **Rareas:** dúas ou tres rareas para chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración entre 300 e 500 pés/ha. Posibilidade de micorrización de masas establecidas.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** a quenda da especie principal da masa, priorizando quendas longas.
- **Métodos de corta:** cortas por rareo sucesivo uniforme, por faixas ou por bosquetes.